



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)

ACTA Nº 2/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA CATORCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a catorce de febreiro de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- VERÓNICA GÓMEZ FUENTES
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: PARTICIPACIÓN, SE PROCEDE, NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) POS+ 2017.

Publicadas as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017 (BOP nº 226, de data 29/11/2016).

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

Antes de proceder co debate o Sr. Alcalde quere facer unha salvedade en relación cunha das obras que foi ditaminada pola Comisión Informativa de Obras, sobre a que xa manifestou que non debería ser incluída neste Plan, a raíz desa situación se pediu o informe urbanístico pertinente que ven a dicir ou aconsellar que esa obra non debe ser incluída. No caso de incluírse tal e como foi ditaminada correríase o risco de ilegalidade. Unha parte das obras afectan a propietarios de terreos que teñen constituídos avais para a súa urbanización, como se fixo saber e non se tivo a ben a ter en conta por ningún dos concelleiros que ditaminaron favorablemente a proposta de obras e que foron os concelleiros de UxO, PsdeG-PSOE e os dous concelleiros non adscritos. Pide que se valore deixar este asunto sobre a mesa, volver a someter a ditame da Comisión Informativa de Obras unha nova proposta de obras a incluír neste Plan. Plan de obras que foi ditaminado de forma apresurada, cunha proposta alternativa que foi presentada vinte minutos antes da celebración da Comisión Informativa. A nova proposta de obras a incluír neste Plan sería aprobada no próximo pleno ordinario a celebrar o día 22 de febreiro.

Intervén o Sr. González Santos, en representación do grupo político UxO, que plantexa unha cuestión de orde e sinala que están de acordo en que se elimine esta obra, hai outras obras a incluír. Se pode ser.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non lle parece que estas sexas as formas de proceder. No seu día vinte minutos antes o grupo político UxO presentou a súa proposta. Agora pretenden facer aquí unha modificación a ese ditame. Así non lla admite.

Intervén o Sr. González Santos, en representación do grupo político UxO, que sinala que el descoñecía o informe urbanístico.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle fixo unha advertencia na Comisión Informativa.

Intervén o Sr. González Santos, en representación do grupo político UxO, que sinala que non hai ningún problema. Someterase una nova proposta de obras ao ditame da Comisión Informativa.

Intervén o Sr. Secretario, que da conta do informe urbanístico en relación coas obras de urbanización da rúa García Gerpe, cuxo párrafo final sinala: Non obstante, esta necesidade de redactar un proxecto técnico único para a urbanización da rúa e non deixar que esta se vaia a urbanizar parcela a parcela non exime aos propietarios das parcelas de solo urbano das súas obrigas urbanísticas derivadas do disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, entre as que se atopa afrontar os custes de urbanización necesarios para que os terreos alcancen a condición de solar. O que di a lei é que todo terreo para que poida ser edificable ten que ter a condición de solar. Para ter a condición de solar é necesario que teña todos os servizos urbanísticos. Nesta rúa concedéronse licenzas urbanísticas para a construción de vivendas unifamiliares, que non tiñan a urbanización feita, pero a lei permite que se conceda a licenza vinculada a simultánea obra de urbanización, presentación do correspondente proxecto de urbanización e avalar a execución das obras. O informe ven a ratificar o deber de todo propietario de urbanizar, o Concello pode urbanizar repercutindo os custes de urbanización sobre os propietarios. Se se decide incluír estas obras no Plan, van a financiarse cunha subvención que é o que é este Plan, se despois se lle vai a cobrar aos veciños, non se podería incluír por que habería que devolver o diñeiro da subvención, ou se se inclúe perder o diñeiro correspondente a esta obra. O Plan unha vez que se aproba non se pode modificar e incluír obras a maiores.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Intervén a Sra. Marín Pereiro, en representación do grupo político UxO, que pregunta que se non se aproba a participación do Plan antes do día 22 de febreiro, non nos pasamos da data límite de solicitude de participación. Non se lles dixo no seu momento que non se podía incluír na orde do día do pleno ordinario por que se ía moi xustos cos prazos.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que prazo remata o día 24 de febreiro.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se ía xusto de prazos, pero o ditame foi fai uns días, os proxectos técnicos están listos, pero agora nos encontramos cunha cuestión puntual dunha das obras, que foi das modificacións que non estaban previstas nas valoracións iniciais por que xa non se consideraba adecuado facer esa valoración dado que estaba claro que esa obra non se ía poder executar con cargo a este plan. Insistiron con esa liña e agora nos encontramos con esta situación a día de hoxe. Hoxe houbéralle gustado que se aprobase un POS para cada unha das parroquias e a partir de aí os técnicos tivesen tempo suficiente para preparar a documentación con tempo suficiente para o día vinte e catro. O día límite é o día vinte e catro pero agora non temos outra alternativa. Convocatoria de nova Comisión Informativa para o venres o que nos obriga a incluílo na orde do día do próximo pleno ordinario do día vinte e dous. Insiste que a súa proposta é deixar este asunto sobre a mesa e non debater aquí a proposta de obras a incluír. As obras a incluír as decidiron nove concelleiros, non os dezasete. Traian unha proposta nova e falaremos dela cando corresponda.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político-mixto PsdeG-PSOE, que sinala que foi hoxe cando se lles entregou este informe urbanístico. Estas obras de urbanización foron unha proposta que formularon inicialmente como un rogo no pleno do mes de maio. Na proposta de obras de UxO engadiuse, non exactamente a reubicación dos postes desta rúa, senón facer unha senda peonil. Se agora hai un informe urbanístico que di que non se pode levar a cabo, todo o respecto para este informe, haberá que facer unha modificación desta proposta ou deixalo sobre a mesa. Esta de acordo en que non se inclúan estas obras se hai un informe que indica que non se debe incluír, non é preciso insistir nela. É verdade que o Alcalde falou na comisión, era a súa opinión, pero non tiña un informe que avalase que isto non se podía levar adiante. Agora con este informe esta claro, estamos de acordo en cambiar esta obra por outra, e que se aprobe este plan con obras que se poidan levar adiante.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que primeiro queren amosar o seu malestar ante o que consideran un desprezo e unha falta de respecto cara este grupo municipal do BNG. Eles en novembro presentaron a súa proposta de obras para que fosen presupostadas igual que as do resto de todos os compañeiros da corporación. Este grupo municipal a día de hoxe ten se presupostar a retirada de amianto no abastecemento de auga da rúa Nova e rúa de Galicia, o punto de carga de cisternas en Lesta, a accesibilidade dos pasos de peóns na rúa Nova, rúa Rosalía de Castro, rúa Víctor González Faya, rúa Recreo, rúa Alfonso Lesta e rúa do Mirón, abastecemento de auga en Pereira dende a N550 ata Eirexe. Igual que o resto dos grupos as presentamos en tempo e forma, para máis inri o día dous de febreiro chegou una nova valoración con obras que foron presentadas a última hora polo Sr. González Santos. Este grupo a día de hoxe ten as súas obras aínda sen valorar. Esixen unha explicación coa correspondente desculpa. A que se debe isto, se é por unha cuestión política ou é por unha



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

cuestión técnica. Se é unha cuestión técnica por parte da empresa terán que estudar municipalizar este servizo. Non lles parece serio isto que lles aconteceu. Esixen o mesmo trato que ao resto dos grupos. Con respecto ao informe urbanístico do que se deu conta hoxe sobre a actuación na rúa García Gerpe. O outro día na Comisión Informativa eles tamén manifestaron que esta era unha actuación que non se podía levar a cabo, non cumpre o que establece a lei do solo. En solo urbano a urbanización correspóndelle executala aos propietarios das parcelas. O informe urbanístico é incompleto, fala de que cumpre coas normas subsidiarias, pero non fala nada do PXOM que tamén tería que cumprir ao estar este aprobado inicialmente. No PXOM contéplase alí unha rúa que conecta a rúa Emilia Pardo Bazán coa rúa García Gerpe. Que se fai, o tramo de beirarrúas e despois o día de mañá se se chega a abrir esa rúa, estas demólese. Faise unha entrada a unha rúa que non está contemplada nas normas subsidiarias. Xa o dixeron na Comisión Informativa, a resposta que recibiron foi que non naceron onte. Hoxe parece ser que tiñamos razón. Van a seguir mantendo a súa proposta na próxima Comisión Informativa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en ningún momento se pode culpar á empresa da situación anómala que se pode estar a dar en relación coas peticións do BNG. Asume a responsabilidade que lle corresponde como Alcalde de que esas valoracións non se tivesen feito. É certo que non se poden facer estas proposta de obras a incluír so cunha referencia nun papel con dúas liñas, vai haber que grafialas de algunha maneira para que despois lle resulte fácil facer unha valoración do que se lles está a pedir. Isto vai a garantir que o que se estea a solicitar por calquera dos grupos estea salvagardado e que despois non haxa ningún tipo de dúbidas. Asume a responsabilidade que lle corresponde, é o que lle pide desculpas. Sobre o proxecto urbanístico ditaminado pola Comisión Informativa foi sobre o que se pediu o informe urbanístico que ser recibiu hoxe pola mañá.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que van a manter a súa proposta que incluía case medio millón de euros para servizos básicos de abastecemento e saneamento, mellora da accesibilidade nas rúas da Vila e apostar claramente polo aglomerado fronte ao rego asfáltico. Este Plan de Obras e Servizos no que se destina máis de un millón seiscientos mil euros para investimentos e obras no noso concello debe ser destinado a obras de calado, que dificilmente poderían ser sufragadas con cargo aos recursos municipais.

Intervén o Sr. González Santos, en representación do grupo político UxO, que sinala que todos están de acordo en que hai que substituír esta obra. Pregúntalle ao Sr. Secretario se hoxe neste pleno se pode modificar o ditame ou hai que celebrar unha nova Comisión Informativa.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que o que se somete á decisión do Pleno é o ditame da Comisión Informativa, este é preceptivo e non é vinculante. É unha decisión do Alcalde. Se nos atemos ao regulamento orgánico municipal, hai un ditame e/ou hai emendas. Se ninguén presenta unha emenda, non se pode modificar o ditame.

Intervén o Sr. Regos Boquete, en representación do grupo político UxO, que sinala que teñen unha emenda.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que UxO non se pode emendar a si mesmo. O ditame é sobre a proposta que presentou UxO.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a maiores xa lles advertiu aquel día que a súa proposta de obras non se correspondía coas achegas para cada un dos plans provinciais. Achega



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

provincial 2017, achega provincial 2016 e préstamo provincial 2017. Esa advertencia tamén la fixo na Comisión Informativa e fixo caso omiso. Despois tiveron que pedirlle ao Estudio Técnico, por que é moi fácil que traballen outros por vostedes, que fixeran un encaixe nas cantidades para cada plan dado que a súa proposta non se axustaba a cada achega. Vostedes tiñan un informe de intervención como tiñamos os demais onde se lle dicía como había que distribuír os proxectos. Non era para na da necesario facer un proxecto único por cada unha das achegas, foi a súa opción. Pero o mínimo era facer coincidir as cantidades con cada unha das achegas. Por que era a súa obriga e non o fixeron tampouco. Por tanto hai moitos defectos de forma por facer as cousas ás presas, de mala maneira e con mala intención. A día de hoxe aquí non vai haber un acordo para este ditame. Os empraiza para que veñan cunha nova proposta, que vai a ser a súa proposta de UxO coa complicidade do PSOE e dos concelleiros non adscritos. E nos vemos no pleno do día vinte e dous.

O Alcalde acorda deixar o asunto sobe a mesa.

Intervén o Sr. González Santos, en representación do grupo político UxO, que sinala que acepta moitas cousas, pero non pode aceptar que teña que facer un axuste na valoración das obras, non é técnico, iso o ten que facer un técnico. A proposta de obras de UxO, PSOE e concelleiros non adscritos non é un pecado. Hai que respectar a todos.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás catorce horas e dezasete minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO